

AER DEFENDE UN SERVIZO DE EMERXENCIAS PÚBLICO, EFICAZ E DE CALIDADE PARA REDONDELA



AER demanda un servizo de emerxencias tal e como merece este Concello de Redondela, e tal como obriga a Lei Reguladora de Bases de Réxime local do ano 85. **Javier Bas leva 5 anos incumprindo unha das súas principais promesas electorais.**

Actualmente en Redondela seguimos con 1 Grumir (1 persoa por quenda) para atender as incidencias e emerxencias xurdidas, cubríndose a atención inmediata nas horas do día; e o resto queda á pericia dos nosos policía locais, os cales asumen funcións de bombeiro. Función que non lles compete pero que asumiron a madrugada do xoves 27 de agosto na rúa Ernestina Otero, onde viven un home e o seu fillo, e onde tiveron que apagar un incendio nunha habitación; **porque o 112 non chama aos bombeiros de Vigo que están a 10 km (menos de 10 minutos) e obriga por orde do PP galego a chamar ao servizo privatizado de bombeiros de Porriño, a 20km (20 minutos).**

Vendo isto, non queda ningunha dúbida das intencións que terá o Partido Popular coa Área Metropolitana e cos seus servizos públicos. As políticas do PP consisten en facer das emerxencias un negocio, xogando coa seguridade e coas vidas das persoas.

Dende AER esperamos que, na vindeira reunión que a Xunta de Galiza terá cos alcaldes da Área Metropolitana de Vigo, Javier Bas demande a creación dun convenio para que Redondela dispoña dun servizo de emerxencias público e eficaz, tentando así solucionar uns dos problemas urxentes do noso concello.

Redondela, a 15 de setembro de 2015